REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 21.03.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 44719 (10/POC-007158)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, así como as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 39147 (10/PNC-003141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co turismo mariñeiro e os deportes náuticos e de risco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

2.2 40760 (10/PNC-003306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o desenvolvemento por parte do Goberno galego de todas as actuacións posibles para o mantemento do emprego e do proceso produtivo da empresa Isowat na Coruña, así como da actividade industrial na comarca e o seu impulso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018

2.3 44354 (10/PNC-003556)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas posibilidades de produción descentralizada de enerxía eléctrica en Galicia con minicentrais e con microcentrais hidroeléctricas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

2.4 46013 (10/PNC-003703)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co remate do ferri que se está a construír no estaleiro Vulcano, na cidade de Vigo, o pagamento aos traballadores, provedores e empresas auxiliares, así como a continuidade do tecido industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019

2.5 46700 (10/PNC-003758)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co anuncio da presentación dun concurso de acredores e co posible peche da planta de Poligal, en Narón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

2.6 47132 (10/PNC-003802)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación temporal de emprego presentado pola empresa Bosch Service Solutions, de Vigo, e a situación xeral do sector do telemárketing en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 44719(10/POC-007158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para apoiar o pequeno comercio diante dos novos retos derivados dos cambios nos hábitos de consumo, así como as que vai adoptar para paliar e reverter o continuo peche de establecementos no sector

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 13:46:56
Nº Rexistro: 44719
Data envio: 28/01/2019 13:46:56.570

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pequeno comercio, máis alá da súa influencia no traballo, ten un carácter social e é importantísimo para o tecido social e produtivo das cidades e barrios. Non obstante, os novos hábitos de consumo (compra *online* e en grandes superficies comerciais) da xente están abocando ao peche de moitos dos comercios tradicionais e pequenos situados na nosa contorna.

O rexistro de baixas de autónomos da Seguridade Social cifra en máis de 1.000 os establecementos que botaron o peche en Galicia nos primeiros nove meses do ano, (último dato dispoñible), comparando os datos de primeiros do ano cos do 31 de outubro de 2018. Ademais, se nos centramos unicamente no mes de outubro vemos que aproximadamente uns 10 establecementos de media ao día pecharon.

Por outro lado, vemos que o problema e máis, como xa comentamos, é máis profundo. Os cambios nos hábitos de consumo afectan directamente ao pequeno comercio xa que, a xente está a comprar máis ca nunca, pero faino sen saír á rúa. Segundo o informe de Comercio Electrónico, elaborado pola CNMC, no primeiro trimestres do 2018 en comparación co mesmo trimestre do ano anterior, o comercio electrónico en España aumentou case un 33 %.

Este contexto fai que a situación sexa moi complicada, tanto para os negocios de sempre como para os novos, xa que tanto a posta en marcha como a competencia fan que sexa moi difícil facerse cun espazo propio.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida en marcha para apoiar o pequeno comercio ante os novos retos, de ser afirmativa a resposta, cales?

2ª) Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego para paliar e reverter o continuo peche de pequenos comercios?

3ª) Que está a facer a Xunta de Galicia en relación co apoio e impulso do comercio electrónico en Galicia e cales son os resultados?

CSV: REXISTRO-Ryp9Ccey3-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2019 13:46:56
Nº Rexistro: 44719
Data envio: 28/01/2019 13:46:56.570

4ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a situación antes descrita na que se atopan os pequenos comerciantes?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/01/2019 12:57:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/01/2019 12:58:17

CSV: REXISTRO-Ryp9Ccey3-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 39147(10/PNC-003141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co turismo mariñeiro e os deportes náuticos e de risco

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Galicia conta con case 1.500 quilómetros de costa, que vai desde o concello de Ribadeo, na provincia de Lugo ata o concello da Guarda, na provincia de Pontevedra, e ademais conta con multitude de entrantes e saíntes e illas pequenas.

A costa galega en xeral, é escarpada sobre todo no norte da provincia da Coruña e a Mariña lucense, e con descensos pouco suaves na provincia de Pontevedra.

As rías galegas teñen unha gran importancia pesqueira, contribuíndo a que a costa galega sexa unha das zonas pesqueiras máis importantes do mundo, polo que hai que buscar a interacción entre os turistas e as xentes do mar para que compartan as experiencias e a cultura mariñeira.

Como dicía Álvaro Cunqueiro, Galicia é "o país dos dez mil ríos" cando se refería á nosa paisaxe e idiosincrasia, debido a grande cantidade de cursos fluviais. Tamén conta con moitos encoros, que aparte da produción de enerxía eléctrica, son navegables para pequenas barcas e propicia a celebración de festas semi-acuáticas.

No plano turístico, sabemos que a costa galega é visitada por unha multitude de turistas, xa que, as excelentes praias e as súas magníficas vistas son incentivos máis que suficientes para atraer a visitantes. Ademais, os deportes navais e náuticos están a ter cada vez máis auxe e estanse a organizar cada vez mais campionatos en territorio galego, atraendo tanto a novos deportistas como a deportistas xa consolidados de ámbito nacional e internacional.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Promocionar e impulsar as novas formas de "*Blue Economy*", principalmente o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco.

2º) Que a Axencia de Turismo de Galicia, nun prazo de seis meses, elabore un estudo do impacto socioeconómico sobre o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco en Galicia e a súa repercusión nos demais sectores.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39147
Data envio: 18/10/2018 18:50:51.667

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 16:29:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 16:30:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 16:30:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 40760(10/PNC-003306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o desenvolvemento por parte do Goberno galego de todas as actuacións posibles para o mantemento do emprego e do proceso produtivo da empresa Isowat na Coruña, así como da actividade industrial na comarca e o seu impulso

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 22/11/2018 17:22:01.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O futuro industrial na cidade da Coruña e a súa comarca atópase nunha situación crítica e cómpre que desde as Administracións públicas, nomeadamente desde a Xunta de Galiza, se impulse unha estratexia de defensa conxunta e de intervención política para reconducir a situación e promover o mantemento dos postos de traballo e da estrutura produtiva.

Na actualidade alén dos máis de 400 empregos en xogo na planta de Alcoa, hai 85 traballadores e traballadoras que dependen da continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 22/11/2018 17:22:01.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia isto, a empresa atópase neste momento en concurso de acredores. As razóns últimas residen en que o que se produciu desde que a actual propietaria adquirise Isolux Galicia foi un saqueo sistemático, tal e como sinala o informe concursal.

A cidade, a comarca e o país precisan dun sector industrial forte. Neste sentido, os datos actuais ofrecidos polo Clube Financeiro no seu “Informe de conxuntura económica” son concluíntes a respecto da necesidade de "aumentar o peso da actividade industrial" e "diversificar máis aló do téxtil" na comarca, xa que esta actividade cae ao 9,5%. É preciso un impulso á economía industrial escasa no conxunto de Galiza onde só o 6% das empresas se dedican á transformación de materias primas e o seu peso é do 19% no valor engadido bruto. É preciso poñer o foco en áreas produtivas con forte compoñente de innovación que sirvan ademais para crear unha saída laboral de calidade ao capital humano de cualificado que xera o sistema educativo galego. Dentro do país, a situación da provincia coruñesa é a máis polarizada e, dentro dela, a preponderancia dos servizos é aínda máis clara a nivel comarcal. Na Coruña o 83,1% da economía é de servizos (centrada no comercio, o transporte e a hostalaría) e, polo tanto, as cifras de actividade industrial son máis escasas cun peso tan só dun 9,5%. Unha tendencia que encaixa no proceso de terciarización que está a vivir a economía galega.

Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 22/11/2018 17:22:01.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo todas as actuacións posíbeis para o mantemento do emprego e do proceso produtivo de Isowat na Coruña, así como do mantemento e impulso da actividade industrial nesta comarca, a comezar por unha Mesa de Traballo na que se integre ás partes e axentes implicados."

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40760
Data envio: 22/11/2018 17:22:01.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 17:14:01

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 17:14:05

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 17:14:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 17:14:08

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 17:14:09

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 17:14:11

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 44354(10/PNC-003556)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas posibilidades de produción descentralizada de enerxía eléctrica en Galicia con minicentrais e con microcentrais hidroeléctricas

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44354
Data envio: 22/01/2019 18:47:15.065

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa ás posibilidades da produción de enerxía eléctrica descentralizada en Galicia con centrais de mini e microhidráulica.

Exposición de motivos

As tecnoloxías de produción de electricidade a partir de minihidráulica están a ter un enorme desenvolvemento nestes momentos e por motivos evidentes Galicia debería ter un papel preponderante nesta forma de producir electricidade de forma descentralizada e autónoma.

Os novos desenvolvementos de turbinas e xeradores permiten a instalación de aproveitamentos hidráulicos en moitísimas localizacións fluviais cun mínimo impacto ambiental e máximo respecto polas especies animais. As solicitacións de salto de auga e caudal para facer unha instalación rendible son mínimas nestes momentos. Os kits de produción poden ser moi sinxelos de instalar e cun mantemento mínimo.

Por outra parte os numerosísimos vellos muíños que existen no noso País poderían ser postos en produción eléctrica cunha reducida inversión e períodos de amortización moi curtos.

Por todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

CSV: REXISTRO-HXgTZM8dy-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44354
Data envio: 22/01/2019 18:47:15.065

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver un mapa de posibles aproveitamentos de mini e microhidráulica, por toda Galicia, para poñelo a disposición de particulares e Concellos para que poidan desenvolver proxectos de autoprodución e autoconsumo. Debería darse prioridade aos Concellos que así o solicitaran e con máis posibilidades dada a súa orografía e concas fluviais que os percorran.

2.- Desenvolver liñas de axudas e de finanzamento tanto para o desenvolvemento de I+D+i, a fabricación e a instalación de minicentrais e microcentrais hidráulicas.

3.- Desenvolver cursos de formación, tanto online como presenciais, sobre tecnoloxías de mini e microhidráulica, tanto no eido da obra civil como das instalacións hidráulicas e eléctricas.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-HXg7ZM8dy-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44354
Data envio: 22/01/2019 18:47:15.065

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 22/01/2019 18:43:19

Luis Villares Naveira na data 22/01/2019 18:43:30

CSV: REXISTRO-HXg7ZM8dy-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 46013(10/PNC-003703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co remate do ferri que se está a construír no estaleiro Vulcano, na cidade de Vigo, o pagamento aos traballadores, provedores e empresas auxiliares, así como a continuidade do tecido industrial

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:39:04
Nº Rexistro: 46013
Data envio: 12/02/2019 09:39:04.528

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O estaleiro Vulcano situado na cidade de Vigo está a vivir unha situación crítica. O actual cadro de persoal leva afrontado o impago de cinco nóminas, e ademais, non existen garantías de ningún tipo para completar a necesaria financiación que permita rematar o ferry actualmente en construción, e poder cobrar, polo tanto, o que se lles debe aos traballadores, e aos provedores e auxiliares externos.

A Xunta de Galicia, ao lado do Banco de Santander, Pymar, Transmediterránea e a propia empresa, son os actores que na nosa opinión deberían manifestar publicamente o seu compromiso coa finalización da construción do ferry que actualmente se atopa nas gradas do estaleiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar o seu total compromiso coa finalización da construción do ferry que actualmente está nas gradas do estaleiro.

2. Tomar a iniciativa para reunir a todas as partes implicadas no proxecto para tentar chegar a un acordo global que permita aos traballadores cobrar os salarios que se lles deben e o pago aos provedores e empresas auxiliares.

3. Implicarse na supervisión da xestión de la construción, tal e como se comprometeu dende o inicio da mesma.

CSV: REXISTRO-GMJNW8mXT-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2019 09:39:04
Nº Rexistro: 46013
Data envio: 12/02/2019 09:39:04.528

4. Activar un plan conxunto cos demais axentes económicos que consolide a continuidade do tecido industrial cos seus postos de traballo, una vez finalizada a construción actual.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2019 09:32:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/02/2019 09:32:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2019 09:32:15

CSV: REXISTRO-GMJNW8mXT-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 46700(10/PNC-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co anuncio da presentación dun concurso de acredores e co posible peche da planta de Poligal, en Narón

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 12:59:40
Nº Rexistro: 46700
Data envio: 22/02/2019 12:59:40.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer o anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón, situada no Polígono das Gándaras. Esta é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Galiza a un deserto industrial.

Cómpre recordar que Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases, laminación, etiquetas e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido. Esta empresa ten unha

CSV: 8ZGQXY2R7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 12:59:40
Nº Rexistro: 46700
Data envio: 22/02/2019 12:59:40.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018.

Recentemente celebráronse as eleccións sindicais nesta fábrica e o día 22 de febreiro, ao irse celebrar a primeira reunión coa empresa, foron informados de que por mor dunhas presuntas débedas, a empresa entraría en concurso de acredores na procura dun administrador. Así mesmo, informóuselles de que esta situación sería exclusiva para Narón.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que a Xunta de Galiza debe comprometerse co cadro de persoal na procura dunha solución que permita o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo.

Así mesmo, cómpre recordar que en Galiza, dende o 2009, ano no que comeza a gobernar Feijóo, a ocupación na industria galega reduciuse en 13.700 persoas, representando unha cuarta parte da redución total da ocupación en Galiza. Así, a ocupación na industria reduciuse a un ritmo de case o dobre do que o fixo o total da poboación ocupada (un -7,47% fronte a un -4,74%). Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

CSV: 8ZJGQXY2R7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 12:59:40
Nº Rexistro: 46700
Data envio: 22/02/2019 12:59:40.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo todas as actuacións posíbeis para o mantemento do emprego e do proceso produtivo de Poligal en Narón, así como do mantemento e impulso da actividade industrial nesta comarca, a comezar por unha Mesa de Traballo na que se integre ás partes e axentes implicados."

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: 8Z7GQXY2R7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 12:59:40
Nº Rexistro: 46700
Data envio: 22/02/2019 12:59:40.610

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 12:55:24

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 12:55:29

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 12:55:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 12:55:32

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 12:55:34

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 12:55:35

CSV: 8ZGQXY2R7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.03.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 47132(10/PNC-003802)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación temporal de emprego presentado pola empresa Bosch Service Solutions, de Vigo, e a situación xeral do sector do telemárketing en Galicia

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peña e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa ao ERTE presentado pola empresa de Telemarketing Bosch de Vigo e a situación xeral deste importante sector en Galicia**.**

Exposición de motivos

Bosch Service Solutions en Vigo conta cun cadro de persoal de 1.683 traballadores e traballadoras, dos cales o 55% é persoal indefinido. O resto son contratacións por obra e contratos de formación (o 3% do persoal). O 60% da plantilla pertence ao xénero feminino

Ademais Bosch ten unhas 350 persoas contratadas a través de Empresas de Traballo Temporal. Actualmente Bosch traballa con 5 ETT: ADER, IMAN Temporing, MANPOWER, SYNERGIE e GI GROUP. O 60% do persoal de ETT son mulleres.

A contratación por ETT non fai máis que contribuír a precarizar un sector xa de por si precario, onde o contrato estándar é por Obra e servizo, que permite despedir por diminución de volume na obra e só garante que o 50% do persoal sexa indefinido, sen ter en conta nesta porcentaxe as contratacións por ETT que fagan as empresas. Cabe destacar que estamos nun sector non temporal, a media de antigüidade do persoal de Bosch, por exemplo é superior aos 6 anos, o que non xustifica en absoluto estas cifras de temporalidade por motivos da

CSV: V7hyDYeIJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

actividade. Obxectivamente estamos ante un caso claro de ilegalidade contractual amparado nunha lexislación laboral permisiva e lesiva para as traballadoras, derivada da Reforma Laboral de 2012.

A media da xornada en Bosch é parcial de 35 horas, cun salario bruto mensual medio de 900€ ao mes (14 pagas). Moitos dos postos de traballo son a tempo parcial moito máis reducido, sendo usadas estas prácticas contractuais en moitas ocasións polas empresas para presionar e sancionar as traballadoras (o 75% do sector) de maneira torticeiramente legal.

O 60% do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, principalmente en 3 servizos: Soporte Técnico, Provisión (xestión de altas) e Reclamacións. Un 30% traballa para servizos de Orange e o resto noutros servizos: Junkers, Repsol- Viesgo, Leaseplan...

Dende o mes de decembro a redución de carga de traballo por parte de Vodafone, motivada pola deslocalización de parte dos servizos a Colombia e Exipto, provoca que se despidan, ata o mes de marzo, as 200 persoas de ETT que traballaban nestes servizos. Para o persoal de plantilla a empresa presenta un ERTE ata o 31 de xullo que afectará, finalmente, a unhas 600 persoas con suspensións de entre 10 días ata un máximo de dous meses, dependendo do servizo e das tarefas que realicen.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto nin as consecuencias da medida, tanto no número de persoal afectado como en termos económicos.

Actualmente a empresa ten 98 vacantes no centro de Vigo para servizos distintos de Vodafone, pero se nega a recolocar ao persoal indefinido afectado polo ERTE

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

alegando que non consideran que cumpre o perfil apropiado, iniciando incluso campañas de contratación para persoal externo.

Pero hai que mirar moito mais alá e falar dun sector dos mais importantes, quizais o mais importante, de servizos de apoio as empresas no noso País onde da traballo a mais de 10.000 persoas, o 75% mulleres. Por contra non goza do recoñecemento social que merece e o mais grave do recoñecemento da Administración. No Goberno da Xunta de Galicia deben seguir a pensar que se trata dun emprego complementario e non ven a realidade de que a pesares da súa precariedade e o sustento principal de moitas familias, moitas delas dependentes de mulleres.

O sector caracterízase polos seus baixos salarios e pola precariedade contractual e constitúe un dos reflexos máis claros de que as novas xeracións foron as maiores prexudicadas pola crise económica da última década e polas últimas reformas laborais. Os soldos roldan os 900 euros para aquelas persoas que traballen 39 horas semanais (o máximo fixado no último convenio), pero estas son unha minoría. A maioría traballa 30, 25, 20 horas ou menos, cun salario medio duns 600-700 euros, que as obriga a buscar outros empregos a tempo parcial se queren ter uns ingresos dignos. Pero isto vese dificultado polas prácticas das empresas que non establecen horarios estables, con cambios permanentes o que dificulta moito buscar alternativas complementarias. Isto chega xa a niveis intolerables no caso das persoas contratadas a través das ETT que nalgúns casos coñecen os seus horarios cun semana de antelación e incluso menos.

É ademais un traballo duro, estresante, tanto polo volume de chamadas que teñen que atender cada día como polas crecentes esixencias introducidas polas empresas. Son moitas as denuncias en materia de saúde laboral e riscos psicosociais e son moitas as baixas por ansiedade ou depresión.

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Traballadoras de varias empresas destacan que a súa situación empeorou nos últimos anos, a pesar de que a facturación do sector mantivo un crecemento constante (cun incremento nos seus ingresos do 7% ou do 8% cada ano). Pola contra, os salarios mantivéronse practicamente conxelados neste tempo, unha perda de poder adquisitivo do 5%.

A maiores, as traballadoras sofren a presión da deslocalización dos servizos a países con soldos máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel, e agora Bosch). Ademais, a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade é aproveitada polas empresas de telemarketing para ofrecer menos garantías ao seu persoal. Estes despedimentos, ERE´S ou ERTE´S non están xustificados polas cargas de traballo, que cada día son maiores, se non pola codicia de empresas que só pensan en mellorar os seus resultados, cargando ao Estado cunhas cargas sociais cada vez maiores.

Outra das cuestións común a case todas as compañías é o recurso cada vez máis estendido á contratación a través de empresas de traballo temporal. As persoas que son contratadas deste xeito contan con condicións laborais aínda peores. Moitas veces comunícanlles o horario o día anterior a entrar a traballar, así é imposible ter calquera plan de vida.

Por outra parte, as empresas recorren cada vez con máis frecuencia á vía xudicial e a incumprir os acordos e convenios asinados. Prefiren ir ao xulgado, porque na espera de 2 ou 3 anos ata que se resolve o caso a traballadora segue explotada e moitas veces abandona.

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Todo isto resúmese en que todas esta traballadoras cobran a metade do que cobraba antes unha persoa facendo ese mesmo traballo directamente en Telefónica ou Gas Natural.

Todo o descrito parecería un reflexo da situación laboral dun pais tercermundista, pero non, isto lles está pasando a moitos e moitas das nosas veciñas. Un Goberno responsable non pode estar de costas a esta realidade.

Por outro lado, a deslocalización do servizos supón que os datos privados de todas aquelas persoas que teñan algunha liña telefónica, de portátil e/ou internet estean en mans de cidadáns non pertencentes á Unión Europea, en concreto os seguintes datos:

- Acceso a números de teléfonos, titulares e domicilios.
- Acceso a contas bancarias e posibilidade de modificalas
- Acceso á dirección IP de conexión a Internet, acceso a dirección IP do router, co que se pode entrar neste e nos aparatos conectados, coa posibilidade de poder informarse dos datos contidos en calquera deles conectado a Internet e introducir nos ordenadores desde virus, troyanos... até material ilegal.
- Información sensible acerca de facturación económica, número de liñas e produtos contratados, chamadas emitidas e recibidas, horarios destas, etc.
- Información relativa a horarios de atención de empresas e horarios de cando os particulares estean no seu domicilio.

Sendo maliciosos, calquera banda criminal puidese obter estes datos como a capacidade económica do abonado, onde se sitúa, as empresas que posúe, os horarios nos que non está no seu domicilio, as súas contas bancarias, etc.

Todo isto depende da Axencia de Protección de Datos que permite a transferencia desta información a países que cualifica de "seguros". Información

CSV: V7hyDYeiJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

de empresas de telecomunicacións e entidades financeiras entre outros, co que a inmensa maioría da información que posúen están no estranxeiro; e por iso, calquera uso ilegal que se realice non pode ser perseguido en España xa que o noso Código Penal é inaplicable no estranxeiro.

O goberno podería impedir estas prácticas de protección dos dereitos da cidadanía e como consecuencia garantir o mantemento do emprego. O camiño viría pola modificación da Lei Xeral de Telecomunicacións e obrigando a todas estas empresas que facturan miles de millóns de euros no Estado e en Galicia garantan que todos os servizos de atención aos seus clientes teñan que ser atendidas dende España, impedindo en todo caso que os seus datos saian do espazo da UE.

Isto non supoñe un ataque á liberdade de empresa xa que o sector das Telecomunicacións é un sector estratéxico que necesita da concesión dunha licenza administrativa ad hoc, sendo regulada a súa actividade polo Estado, de tal forma que mesmo as tarifas son establecidas baixo autorización deste.

O Grupo Parlamentar de En Marea considera necesario a sua vez a redacción de Leis tanto estatais como autonómicas que desincentiven a deslocalización inxustificada de empresas polo mero feito de incrementar os marxes de beneficio, sobre todo no caso de compañías: que ostentan concesións públicas; contratos coa administración; que obtiveran calquera tipo de subvencións; que desenvolveran ERES ou ERTES que implican cargas económicas para a SS e as administracións públicas; etc.

Isto deberá ser obxecto dunha Lei mais específica que este Grupo presentará tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso dos Deputados, aínda que no caso que nos atañe no sector do Telemarketing xa poderían ser implantadas polo Goberno da Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, e por instancia ao Goberno do Estado como desenvolvemos nesta Interpelación.

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante todo o exposto **En Marea considera que esta situación é intolerable por parte do Goberno da Xunta de Galicia polo que presenta a seguinte Proposición non de lei:**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.-Solicitar publicamente tanto a Bosch como a Vodafone, responsables directas deste ERTE, que aclaren na medida do posible onde se vai a prestar o servizo de atención ao cliente, xa que as chamadas non desaparecen dun día para outro.

2.- Amosar de maneira pública o seu rexeitamento ao ERTE de Bosch no seu centro de Vigo e demandar a dita compañía e a Vodafone a súa retirada para garantir o mantemento da totalidade dos postos de traballo.

3.- Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a derrogación das últimas reformas laborais que permiten que estas situacións de precariedade laboral terceiromundista se estean a dar no noso Pais.

4.- Manifestar o seu compromiso para adoitar todas as medidas ao seu alcance para deixar sen efecto este ERTE e a loitar a longo prazo por mellorar as condicións dun sector tan relevante é neste País.

5.- Establecer unha mesa de traballo cos representantes das traballadoras, das empresas e das que contratan os seus servizos neste sector do Telemarketing para chegar a acordos que eviten as regulacións de emprego e podan o camiño para unha mellora das condicións de traballo.

6.- Tendo en conta a enorme importancia deste sector para o emprego en Galicia

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

solicitar ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e ao propio Presidente da Xunta de Galicia a que reciba a representantes dos traballadores para coñecer polo miúdo toda a súa potencialidade e problemáticas.

7.- Vincular o outorgamento de subvencións, bonificacións ou axudas públicas a requisitos e obrigacións a cumprir polas empresas receptoras para evitar a súa deslocalización, co compromiso de mantemento da actividade e do emprego, no marco da lexislación Galega, Española e Europea e dos acordos internacionais.

8.- Instar ao Goberno do Estado a aumentar a dotación de medios humanos e materiais da Inspección de Traballo e Seguridade Social para garantir que se cumpre a lexislación laboral no sector do Telemarketing e desenvolver actuacións eficaces na comprobación das causas técnicas, produtivas, organizativas ou económicas que poidan alegar as empresas para solicitar ERES ou ERTES.

9.- Solicitar ao Goberno do Estado e a Axencia de Protección de Datos do Estado Español a prohibición de que os datos de cidadáns españois poidan ser trasladados a países externos a Unión Europea.

10.- Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a modificación da Lei Xeral de Telecomunicacións para exixir a todas as compañías con licenzas en España en calquera actividade de voz, datos ou servizos audiovisuais a dar os servizos de atención ao cliente, soporte técnico e comercial por compañías establecidas no Estado Español.

CSV: V7hyDYeIJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:22:49
Nº Rexistro: 47132
Data envio: 28/02/2019 18:22:49.008

GRUPO PARLAMENTAR en marea

11.- Desenvolver campañas de comunicación para que os clientes destas compañías en Galicia soliciten que a súa atención sexa dada en galego?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/02/2019 18:21:38

José Manuel Lago Peñas na data 28/02/2019 18:21:47

Paula Quinteiro Araújo na data 28/02/2019 18:21:53

Luis Villares Naveira na data 28/02/2019 18:22:03

CSV: V7hyDYeUJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/